


Dúas bágoas por Máquina



Dúas bágoas por Máquina

Fina Casalderrey

Ilustracións de Víctor Rivas

Título:

Autora:

Ilustrador:

Editorial:

Colección:

Nº páxinas:

ISBN:

Idade:

Dúas bágoas por Máquina

Fina Casalderrey

Víctor Rivas

Xerais

Merlín

120 / 13ª edición

978-84-8302-565-9

De 11 anos en diante

XERAI



a autora

Fina Casalderrey (Xeive, 1951)

Profesora, etnógrafa vocacional, gastronoma, xornalista e, sobre todo, escritora. Conta con obras gastronómicas en coautoría con Mariano García *O libro da empánada, Festas gastronómicas de Galicia, Repostería de Galicia...*

Autora e directora de varias obras teatrais na escola que recolleu na publicación *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*.

É unha das autoras máis recoñecidas e traducidas da literatura infantil galega.

Entre as súas obras podemos citar: *Dúas bágoas por Máquina, Gordiño Recheo, Un día de caca e vaca, ¡¡Lume!!*, *O avó é sabio, O avó sae de paseo, A avoa non quere comer, A avoa ten unha menciña, Desventuras dun lobo namorado, Unha pantasma branca, Chamizo, O misterio dos fillos de Lúa, Pimpín e Dona Gata, O estanque dos parrulos pobres, Ás de mosca para Anxo, Bicos de prata, Cando a Terra esqueceu xirar, Eu son eu, ¡Un can no piso! ¿E que?, Nolo e os ladróns de leña, Unha raiña negra, ¡Puag, que noxo!, O meu avó é unha gata, Un misterio na mochila de Alba, Isha, nacida do corazón...*

Recibiu premios como o Merlín por *Dúas bágoas por Máquina*, O Barco de Vapor e o Premio Nacional de Literatura Infantil por *O misterio dos fillos de Lúa*, ou o Premio Edebé por *O estanque dos parrulos pobres*.

A súa obra *¿Quen me quere adoptar?* foi seleccionada para os White Raven, ao igual que *¡Prohibido casar, papá!*

Na lista de honra de CLIJ están os seus libros *Chamizo, ¡Asústate, Merche!, O estanque dos parrulos pobres, Ás de mosca para Anxo, Pimpín e Dona Gata, O meu avó é unha gata, ¿Quen me quere adoptar, Isha, nacida do corazón e ¡Puag, que noxo!* Este último, xunto con *O misterio dos fillos de Lúa*, están incluídos nos mellores da década da revista CLIJ. Tamén está na lista de honra da CCEI a súa obra *O estanque dos parrulos pobres*, e conta coa Placa de prata Editorial SM por superar os 100.000 exemplares de *El misterio de los hijos de Lúa*.

o ilustrador

Víctor Rivas (Pontevedra, 1965)

Deseñador gráfico, autor de banda deseñada e tiras de prensa, colaborando con publicacións como *Camaleón*, *Atlántico* e *El País de las tentaciones*. Algunha das súas creacións son *Xen*, *Friki Estreki*, *Thorda y Roke*, *Lucky Duckie*.

Actualmente combina a animación e a multimedia en internet coa ilustración.

Neste caso trátase de debuxos en branco e negro que xogan con tonalidades de grises.

Máis información na páxina <http://www.victorrivas.com/comic/index.html>

o libro

Foi premio Merlín en 1991.


Unha novela emotiva, narrada con tenrura e humor, que aborda toda a complexidade das relacións entre os nenos e os animais; tal como se cita na contraportada do libro.

É a historia desa relación entre Xusta e o can, Máquina, que recibiu como agasallo cando cumpriu seis anos. Pasado o tempo a familia cansa do animal e pensa en desfacerse del, abandonándoo nun monte. Desa época trata especialmente o libro, dos recordos e da tristeza ante a súa desaparición, pero tamén da volta, da súa recuperación. O can convértese na mascota de todos os nenos da aldea e demostra a súa valentía nun par de actuacións impresionantes. A última delas suporá a súa fin, nunha entrega total para salvar á única persoa que semella non sentir nada por el.

temas e valores



A relación entre os nenos e os animais




O mundo dos nenos

○ que senten, os seus apegos, a súa evolución...



As relacións familiares

Pais e fillos, irmáns entre si, avós e netos. A casa como mundo no que convivir.




Mascotas



Avós e avoas

○ seu tempo, tan diferente do noso, que provoca cambios moi fortes entre uns e outros.



A valentía

Esa capacidade para enfrontarse ás máis difíciles probas para superar as dificultades que se presentan. A maneira na que Máquina resiste a enfermidade e se cura a si mesmo para volver ao cabo do tempo cabo da nena. A maneira de enfrontarse ao ladrón ou salvar á avoa, a conta da propia vida.



A enfermidade

como causa de mal humor, de cambios de carácter, de crueldade...

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man anticipamos o seu contido. Observando as capas imaxinamos de que pode tratar e o que imos atopar nel. Atendemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Reflexionamos sobre o título. Que pode significar? Quen será Máquina? Por que lle poñerían un nome así?
- Escribimos un texto con ese título. Pode estar en prosa ou en verso.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a predicir o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca das mascotas e dos cans abandonados nas estradas en época de vacacións, etc.
- O libro acadou o premio Merlín en 1991. Falemos dese premio e doutros libros que tamén o obtiveron.
- Identificamos a autora, lembramos o que sabemos acerca dela e das obras que coñecemos, buscamos máis datos aproveitando os que aparecen na solapa. Aqueles que leron outros libros poden presentarllelos aos compañeiros e compañeiras. Continuamos documentándonos na biblioteca, entrando na súa páxina web...
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que teñamos lido e da opinión que nos mereceron. Repasamos a lapela na que aparece «Fina Casalderrey na colección Merlín».
- Comentamos a dedicatoria, e unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- A autora dedícalle a obra, ademais de aos seus fillos, a todos os nenos que non aturan ver un animal maltratado. Falemos acerca do maltrato aos animais, de como ás veces é infrinxido por nenos e de como outras veces son os nenos quen os defenden.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que pode haber detrás.
- Falamos do ilustrador. Buscamos información acerca da súa traxectoria.

Ao longo da lectura

- Cunha mirada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Os capítulos aparecen titulados. Baseándose nese título podemos ir adiantando a historia, anticipándonos e imaxinando o que habrá detrás.
- Unha vez lido cada un deles, cambiámoslle o título, poñéndolle outro que nos pareza máis adecuado. Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Facemos un resumo conciso de cada capítulo.
- Identificamos quen conta a historia. Comentamos a diferenza que pode producirse cando a historia é contada por un tipo de narrador ou por outro. Falamos de historias que coñecemos e como non son iguais as versións coas que contamos cada un de nós. Observamos que non todos os capítulos teñen o mesmo narrador, vaíamos comentando quen é o de cada un deles.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois poder comentalos.
- Imos recollendo información sobre cada un dos personaxes para poder describilos.
- Buscamos a descrición de Xusta.
- Mentres os irmáns descansan, na súa busca de Máquina, as nubes fan debuxos no ceo. Plasmemos esas formas da maneira que nos pareza máis adecuada.
- «Un can é un can!» Dinlle o irmán e a avoa a Xusta, pero, para ela, Máquina non é só un can. Explicao e, a ser posible, comenta algunha situación pola que teñas pasado de perda dalgún animal ao que te sentías moi unido/a.
- Cans da rúa. Cans abandonados. Animais aos que ninguén quere... serán quen de vivir sos?
- Pregúntase a pequena Xusta como é posible que seu irmán sendo maior que ela cumpra os anos despois. Que preguntas te facías ti cando eras pequeno?
- O avó e a avoa de Xusta semellan moi diferentes. Pensade en como son os vosos, en que se parecen e en que se diferencian.

actividades


- Alguén pode encargarse de revisar o libro buscando animais que aparecen nel. Unha vez conseguida a lista, se é de interese, poderíanse distribuír entre os grupos para buscar información e elaborar un mural con aqueles datos que resultan máis sorprendentes.
- Elaboramos un vocabulario coas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista.
- Cada un de nos conta todo o relativo ás súas mascotas. De non ser posible facemos unha composición na que contamos esa historia.
- Explicamos como é o recendo a terra mollada.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións. Tentamos explicalas e observamos que informacións novas nos achegan.
- Debuxemos a casa de Xusta coa eira e demais dependencias.
- Elixamos a ilustración que máis nos gusta de todas e argumentamos a escolla.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Poñámoslle pés de foto ás ilustracións, tal como se fai en prensa.
- Explicamos a frase: «Todo o que nun principio facía graza, caía en desgraza».
- Formulámonos preguntas relacionadas co texto.
- Buscamos a comicidade ou o humor no texto.
- Ricardito, o fillo do xefe do seu pai, era un rapaz consentido e insoportable. Un deses cativos aos que é case imposible querer. A quen nos lembra? Que opinamos do seu comportamento? Crems que é culpa súa ser así ou responsabilidade doutros?
- Contestemos:
 - En que tipo de centro estuda Xusta?
 - Como se chama o condutor do seu autobús? E como o alcuman?
 - Que é copar?
 - Como funcionan as canceiras municipais?
 - Cales son os apelidos de Xusta?
 - Que opinas desa maneira de comezar determinados parágrafos cunha frase enteira en maiúsculas?
 - Que son as biqueiras?
 - Cal é a enfermidade que ten a avoa?
 - Por que se chama Máquina o can?
 - Como se curan os animais –eles sos- cando están enfermos?
 - Cales foron as falcatrudas de Máquina?
 - Por que don Ricardo bota ao pai coa lea da reconversión? En que consiste esta?
 - Que lle fixo Ricardito a Xusta e a Máquina?
 - Que quere ser Xusta de maior?
 - Xusta bota moito de menos ao avó. Que sente pola avoa?
 - A que é debido o cambio de carácter da avoa?
 - Na casa de Xusta tanto ela como seu irmán colaboran nos traballos da casa. Que pasa na túa?
 - O corpo de Xusta está a cambiar. En que o nota?
 - Estará pasando, Xusta, por unha depresión?
 - En que momentos da lectura te tes emocionado?
 - Como lle chaman, os veciños, aos da casa de Xusta?
 - Quen é a acusona da clase de Xusta?
 - Como se chama a cadela da tía Carme?
 - Cal cres que é o libro de aventuras, que le Xusta, sentada xunto ao río?
 - A que se refire o título *Dúas bágoas por Máquina*? En que momento se entende?
- O paro é unha situación moi difícil, sobre todo se pensamos en que o pai semella ser o único da casa que traballa fóra. Falemos de persoas que coñecemos que se atopan nesa situación, da taxa de paro en España, e de todo o que teña que ver con el.
- A avoa opina que o marisco son «esas cousas que só serven para entreter a quen non ten fame». Semella unha boa ocorrencia. Pensa noutras.
- Explica «A noticia caeu sobre ela coma unha pantasma dos soños».

actividades

- As reaccións da avoa ademais de ter a súa orixe na enfermidade tamén poden estar causadas pola xeración á que pertence, unha xeración que pasou anos moi difíciles, de posguerra e de fame, de aí que non sexa capaz de encariñarse cun animal, de gastar os cartos ou preocuparse por el... Opinemos ao respecto.
- Explica esta frase referida á avoa: «A cortinaxe de anos foi matando os seus encanos».
- Fagámonos expertos en razas de cans: cócker, fox terrier, dálmata...
- Xusta non entende a razón pola que non lle deixen ver a televisión despois de morrer o avó, xusto cando ela ten aínda máis necesidade, para non andar todo o tempo triste, pensando nel. Que opinas?
- Ás veces os cans van visitar aos seus donos ao cemiterio. Talvez por iso se diga deles que son amigos fieis, o mellor amigo do home...
- Explica a frase: «Meu pai ensinounos todos os segredos que gardan celosamente as augas». Cales serán?
- Buscar fermosos poemas de amor no medio dalgún libro é algo que tamén a nós nos apetece, igual que a Arturo e Xusta. Fagámolo!
- A relación cos cans é moi especial. Eles sempre che mostran o afecto, sempre están pendentes de ti, nunca semellan ter mal humor... Continúa a enumeración!
- O home da tía Carme vai quedar este verán en Xenebra. Buscamos esa cidade no mapa. Falamos da emigración.
- Explicamos a frase: «A súa beleza rebélase coma un poema lírico».
- Localizamos algún recurso literario.

Despois da lectura

- Cando lemos esta historia hai algunhas cousas que nos sorprenden, que semellan doutra época... cales serían?
- Debuxamos aquelas imaxes que representen determinados momentos ou personaxes que nos teñan chamado moito a atención.
- Escribimos as aventuras de Maquina neses meses nos que estivo fóra da casa.
- O argumento non é lineal, vai de diante para atrás e ás veces pega brincos no tempo. Xustamente, a liña do tempo que realicemos para facer o seguimento do libro terá un chanzo moi importante no epílogo. Expliquémolo!
- Semella tamén que no libro hai unha historia dentro da historia, a que escribe Xusta...
- Unha vez lida, tenta buscarlle un escenario real a este relato, onde podería desenvolverse esta historia? Por que? Logo, sitúaa no tempo.
- Busquemos aquilo que máis nos sorprendeu, o que nos resultou máis triste, o máis cómico, o máis fantástico...
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Co libro na man, busquemos unha descrición, un diálogo, unha narración...
- Comentemos os valores que defende a autora neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e as lembranzas que foron agromando ao longo da mesma.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Entramos na páxina web da autora para saber algo máis acerca dela e dos seus libros.
- Escribímoslle a Fina Casalderrey, para darlle a nosa opinión sobre a súa obra. Podemos facelo a través da súa páxina, a da editorial, a da biblioteca virtual galega...
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Buscamos as outras obras da autora para poder seguir lendo.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este: polo tema, porque defende valores parellos...
- Esta obra foi publicada no 1991. Pensemos en que se nota o paso do tempo ou se non é así.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 48-2009